

Anexo III

MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025530	IES Pobra do Caramiñal	Pobra do Caramiñal	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
19 (SAN)	Sanidade	CM19001	Coidados Auxiliares de Enfermaría	Medio	Proba Libre

Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
CM0311	Técnicas de axuda odontolóxica/estomatolóxica	130

Profesorado responsable

M ^a Teresa Franco Leis Marta Lorenzo Rivadulla
--

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1: Identificar os diferentes tipos de materiais dentais segundo o seu uso específico.
RA2: Analizar os procedementos técnicos necesarios para a preparación e conservación de materiais dentais que permitan a utilización ou aplicación directa polo facultativo.
RA3: Describir e manexar adecuadamente os compoñentes do equipo dental para colaborar nos procesos de atención bucodental.
RA4: Identificar o instrumental dental e realizar a súa preparación, limpeza, desinfección e esterilización.
RA5: Executar as técnicas de prestación de apoio ao facultativo durante a actuación bucodental segundo as instrucións recibidas.
RA6: Valorar as necesidades de coidados físicos e psicolóxicos e seleccionar a técnica de apoio máis adecuada

Resultados de aprendizaxe do currículo

segundo o tipo de paciente.

RA7: Clasificar os distintos tipos de anestésicos utilizados en odontoloxía e describir o protocolo a seguir en situacións de urxencia.

RA8: Preparar o material e colocar o paciente para realizar a técnica radiográfica segundo o tipo de exploración.

RA9: Explicar as normas de protección radiolóxica e utilizar os elementos de radioprotección.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo

CA.1.1. Recoñecer todos os perfís profesionais do equipo de saúde bucodental.

CA.1.2. Diferenciar as atribucións de cada un dos profesionais do equipo de saúde bucodental

CA.1.3. Coñecer as atribucións do TCAE na clínica dental.

CA.1.4. Describíronse as principais estruturas do aparato estomatognático e as súas funcións principais.

CA.1.5. Identificáronse as características, estrutura e funcións dos diferentes tipos de dentes.

CA.1.6. Identificouse a presenza de placa bacteriana e sarro.

CA.1.7. Describíronse as principais causas da aparición de caries.

CA.1.8. Identificáronse as principais patoloxías bucodentais.

CA.1.9. Describíronse as medidas para previr a aparición das principais patoloxías bucodentais.

CA.1.10. Describir os espazos e equipamento dun consultorio dental

CA.1.11. Diferenciar os elementos do equipo dental e do instrumental rotatorio.

CA.1.12. Analizáronse as características e documentos que forman parte da historia clínica dental.

CA.1.13. Identificáronse os elementos necesarios para realizar a exploración bucodental.

CA.1.14. Describíronse as técnicas de transferencia dos diferentes tipos de instrumental dental.

CA.1.15. Identificáronse as posturas ergonómicas máis usuais na clínica dental.

CA.1.16. Identificáronse os instrumentos dentais axeitados para realizar o illamento do campo operatorio.

CA.1.17. Describíronse as diferentes técnicas de anestesia dental.

CA.1.18. Identificáronse os instrumentos dentais axeitados para realizar obturacións dentais.

CA.1.19. Identificáronse os instrumentos dentais axeitados para realizar endodoncias.

CA.1.21. Identificáronse os instrumentos dentais axeitados para realizar ciruxía dental.

CA.1.22. Describíronse as principais técnicas de hixiene bucodental.

CA.1.23. Describíronse as diferentes técnicas de profilaxe na clínica dental.

Crterios de avaliación do currículo

CA.1.24. Descríbóronse as diferentes técnicas de periodoncia.
CA.1.25. Identificáronse os materiais dentais axeitados para realizar a toma de impresión.
CA.1.26. Identificáronse os materiais dentais axeitados para realizar o vaciado.
CA.1.27. Identificáronse os instrumentos de próteses dentais.
CA.1.28. Identificáronse os instrumentos de ortodoncia.
CA.1.29. Identificáronse as características das diferentes técnicas radiolóxicas empregadas nunha clínica dental.
CA.1.30. Descríbóronse as medidas de radioprotección necesarias nunha clínica dental
CA.1.31. Descríbóronse as medidas de control e protección do persoal fronte as infeccións nunha clínica dental.
CA.1.32. Descríbiuse a limpeza, desinfección e esterilización de material e instrumental dental.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo

RA1: Identificar os diferentes tipos de materiais dentais segundo o seu uso específico.
RA2: Analizar os procedementos técnicos necesarios para a preparación e conservación de materiais dentais que permitan a utilización ou aplicación directa polo facultativo.
RA3: Describir e manexar adecuadamente os compoñentes do equipo dental para colaborar nos procesos de atención bucodental.
RA4: Identificar o instrumental dental e realizar a súa preparación, limpeza, desinfección e esterilización.
RA5: Executar as técnicas de prestación de apoio ao facultativo durante a actuación bucodental segundo as instrucións recibidas.
RA6: Valorar as necesidades de coidados físicos e psicolóxicos e seleccionar a técnica de apoio máis adecuada segundo o tipo de paciente.
RA7: Clasificar os distintos tipos de anestésicos utilizados en odontoloxía e describir o protocolo a seguir en situacións de urxencia.
RA8: Preparar o material e colocar o paciente para realizar a técnica radiográfica segundo o tipo de exploración.
RA9: Explicar as normas de protección radiolóxica e utilizar os elementos de radioprotección.

2.2.2. Crterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Crterios de avaliación do currículo

CA.2.1. Realizar as principais tarefas do TCAE nunha clínica dental

Criterios de avaliación do currículo

CA.2.2. Realizar os movementos do sillón dental, e a colocación dos elementos rotatorios e as súas fresas.
CA.2.3. Manexáronse historias clínicas dentais e os documentos que as forman
CA.2.4. Preparáronse correctamente as bandexas co instrumental necesario para realizar a exploración bucodental.
CA.2.5. Elaboráronse odontogramas
CA.2.6. Realizouse correctamente a transferencia do instrumental dental.
CA.2.7. Empregáronse as posturas ergonómicas correctas
CA.2.8. Preparouse correctamente a bandexa co instrumental necesario para realizar o illamento do campo operatorio.
CA.2.9. Preparouse correctamente a bandexa co instrumental necesario para realizar a anestesia dental.
CA.2.10. Preparouse correctamente a bandexa co instrumental necesario para realizar obturacións dentais.
CA.2.11. Preparouse correctamente a bandexa co instrumental necesario para realizar endodoncias.
CA.2.12. Preparouse correctamente a bandexa co instrumental necesario para realizar cirurxía dental.
CA.2.13. Aplicáronse diferentes técnicas de de hixiene bucodental.
CA.2.14. Aplicáronse as técnicas de revelado de placa.
CA.2.15. Preparáronse correctamente os instrumentais e materiais necesarios para realizar as diferentes técnicas de prevención realizadas na clínica dental.
CA.2.16. Preparáronse correctamente os instrumentais e materiais necesarios para realizar as diferentes técnicas de periodoncia.
CA.2.17. Preparáronse correctamente os materiais dentais necesarios para realizar a toma de impresión.
CA.2.18. Preparáronse correctamente os materiais dentais necesarios para realizar o vaciado.
CA.2.19. Preparáronse correctamente os instrumentos de próteses dentais.
CA.2.20. Preparáronse correctamente os instrumentos de ortodoncia.
CA.2.21. Empregáronse correctamente as medidas de radioprotección do persoal e dos pacientes.
CA.2.22. Aplicouse a normativa de seguridade radiolóxica
CA.2.23. Aplicáronse as medidas de control necesarias nunha clínica dental.
CA.2.24. Realizouse a limpeza, desinfección e esterilización de material e instrumental dental.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

Considéranse como mínimos exixibles todos os contidos teóricos e prácticos indicados na presente programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba, por parte da persoa aspirante, ante o profesor ou profesora do módulo.

a) Primeira parte da proba. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

O profesor ou profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do IES da Pobra do Caramiñal.

b) Segunda parte da proba. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

O profesor ou profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do IES da Pobra do Caramiñal.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E RECLAMACIÓN:

A avaliación da proba libre realizarase nos termos previstos no artigo 37 da Orde do 12 de xullo de 2011 e a expresión da cualificación final obtida por cada aspirante no presente módulo profesional será numérica, entre un e dez, sen decimais.

A cualificación final correspondente da proba do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamación contra as cualificacións finais alcanzadas do módulo no IES da Pobra do Caramiñal, consonte o procedemento establecido no artigo 45.2 da citada Orde do 12 de xullo de 2011. As referidas reclamacións deberán basearse nalgún dos seguintes aspectos:

- A avaliación que se levou a cabo non foi adecuada aos resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación recollidos na correspondente programación.
- Os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación.
- A aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación para a superación das partes da proba do módulo profesional non foi correcta.

4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

4.1. Primeira parte da proba

Consistirá nunha proba escrita de preguntas tipo test de resposta única, e/ou preguntas de verdadeiro/falso, e/ou preguntas curtas, e/ou preguntas a desenvolver e/ou imaxes, na que se desenvolverán todos aqueles CA (criterios de avaliación) sinalados anteriormente (apartado 2.1.2.). Esta proba ten carácter eliminatorio.

As pautas para a realización de dita proba son as seguintes:

- As preguntas mal respostadas puntuarán negativo, cunha proporción 2:1, é dicir, cada pregunta mal respostada,



restará a metade do valor dunha pregunta correctamente respostada.

- As preguntas non respostadas non puntuarán, nin positiva nin negativamente.
- Para a superación de esta proba deberá obterse unha cualificación de cinco puntos ou máis.
- A duración da proba teórica será de 2 horas.
- Unicamente serán correxidas as respostas recollidas na planilla de respostas proporcionada polo profesor ou profesora, as cales deben ser perfectamente lexibles. No caso contrario ou dobre resposta, contarán como negativa.
- Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul non borrable. Non está permitido o uso de correctores tipo "Typex".
- Non se permitirá o acceso á sala do exame con móbiles ou outros dispositivos electrónicos, como reloxos intelixentes.
- Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado, enriba da mesa.
- Ao finalizar a proba, deixarase a plantilla de respostas volteada enriba da mesa, xunto coas preguntas do exame.
- Non estará permitido sacar da aula onde se realiza a proba ningún documento.

4.2. Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos CA (criterios de avaliación) sinalados anteriormente (apartado 2.2.2.) desta programación.

Para a superación de esta proba o alumnado deberá acadar unha puntuación mínima de cinco puntos.

A duración da proba práctica será de 2 horas. Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul non borrable. Non está permitido o uso de correctores tipo "Typex".

Non se permitirá o acceso á sala do exame con móbiles ou outros dispositivos electrónicos, como reloxos intelixentes.

Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado.